



RESOLUCIÓN REITORAL DO 28 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE PUBLICA A 2ª CONVOCATORIA DE 38 BOLSAS DE COLABORACIÓN NAS ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 100.d dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados mediante Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, teñen dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

3.-A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos referidos Estatutos, poderá ofrecer ao seu estudantado bolsas de colaboración nos seus propios servizos para desenvolver as actividades que contribúan á formación integral do estudantado. Por iso e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade, esta Reitoría RESOLVE:

1. Convocar 38 bolsas de colaboración para o apoio ás actividades de calidade desenvolvidas nos centros da Universidade de Vigo.
2. Ordenar a publicación da convocatoria nos taboleiros dos rexistros xeral e auxiliares e na páxina web da Universidade de Vigo no apartado bolsas.

As bolsas solicitaranse no modelo oficial dende o día seguinte ao da publicación desta resolución e ata o **18 de xullo de 2016**.

A solicitude axustarase ao modelo oficial que figura no anexo II nesta convocatoria e tamén poderá atoparse no seguinte enderezo: https://seix.uvigo.es/uv/web/avisos/aviso/index?tipo_aviso=189

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso ante a xurisdición contencioso administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución, un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes mencionado, en tanto non recaia a resolución expresa do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 28 de xuño de 2016

O reitor

Por delegación(RR do 11 de setembro 2013)

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana Mª Graña Rodríguez

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo.
Vigo, 29 de xuño de 2016
Xefe de área de bolsas

Francisco Navaza Dafonte

BASES QUE REGULAN A 2ª CONVOCATORIA DAS BOLSAS DE COLABORACIÓN NAS ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

I. OBXECTO

O obxectivo formativo da bolsa é mellorar e adquirir as competencias relativas á xestión documental, o tratamento da información, a organización e a xestión de procesos dos sistemas de calidade implantados na Universidade de Vigo.

O contido do plan formativo abrangue as seguintes liñas de actuación:

- O coñecemento da estrutura do sistema de garantía de calidade aplicado nos distintos centros da Universidade e da súa xestión. A certificación dos SGIC.
- O coñecemento dos programas de verificación, seguimento e acreditación de títulos oficiais e o desenvolvemento de plans de mellora programados nos distintos centros.
- O coñecemento de métodos de difusión da información pública dos centros de que se trate e das súas titulacións.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

Estas bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de Vigo que estea cursando estudos de grao, enxeñaría, licenciatura, proxecto fin de carreira ou mestrado oficial no curso 2016/2017 e manteña a condición de alumno/a nestes estudos durante todo o período de duración da bolsa.

Queda excluído o alumnado de estudos non oficiais e o alumnado de doutoramento.

En todo caso as persoas solicitantes, deberán de ter superados o 50% dos créditos dos estudos de grao, enxeñaría, ou licenciatura dos que están matriculados; ou o 100% dos que lle deron acceso ao máster oficial do que están matriculados. O último día de presentación das solicitudes será o que se teña en conta aos efectos de determinar a superación destes créditos.

III. INCOMPATIBILIDADES

O goce das bolsas de formación complementaria ou colaboración é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O goce destas bolsas será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou de colaboración convocada pola Universidade de Vigo.

Ademais, o estudiantado non poderá gozar de ningunha bolsa co mesmo obxecto, "formación complementaria ou colaboración do alumnado da Universidade de Vigo", por un período igual ou superior a **vinte meses**, contabilizados de forma consecutiva ou discontinua. Este límite terase en conta no momento da avaliación dos méritos. O cómputo do tempo como bolseiro/a de formación, farase por meses completos. Se a bolsa comeza antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite de **vinte meses**.

No caso de que a persoa bolseira goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD, deberá solicitar á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado a súa compatibilidade. En caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

IV. DURACIÓN

As condicións particulares de inicio e horas de dedicación de cada bolsa reflíctense no anexo I.

A duración da bolsa é por un periodo de dous meses e medio.

O inicio das tarefas propias das bolsas non comezaran antes do 1 de outubro de 2016.

A dedicación de cada bolseiro/a debe adecuarse á súa carga lectiva. A persoa bolseira poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

V. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta mensual máxima será de 200€, 250€ ou 300€ en función do tempo de dedicación 40h/mes, 50h/mes ou 60h/mes respectivamente e estará suxeita a retención do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

O cómputo das horas totais de colaboración de cada bolsas será o reflectido no anexo I.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da aplicación orzamentaria 2016 0000 121D 482.11 e o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 29.267,36€ (25.250,00€ pola dotación bruta da bolsa e de 4.017,36€ en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por períodos mensuais vencidos nos primeiros sete días. Retribuiranse as horas realizadas nese período segundo o establecido nesta convocatoria. Para facelo efectivo, a persoa beneficiaria da bolsa debe estar ao corrente coa Universidade nos seus pagamentos de matrícula.

Se a actividade a desenvolver pola persoa bolseira en cada mes non se adecúa ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada, o Decanato ou a Dirección do centro emitirá un informe no que fará constar a actividade realizada nese período e achegaráo á Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe poderá ser tido en conta en futuras convocatorias.

VI. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTOS

O impreso de solicitude estará dispoñible na páxina web https://seix.uvigo.es/uv/web/avisos/aviso/index?tipo_aviso=189 e é o que figura como anexo II nesta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **18 de xullo de 2016**.

A solicitude presentarase no rexistro, xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos outros lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cada solicitante ten a opción, no mesmo impreso, de solicitar ata un máximo de 5 bolsas diferentes das ofertadas polos distintos centros, segundo a orde de prioridade.

Xunto coa solicitude, as persoas solicitantes deben presentar a seguinte **documentación**:

- O currículo, no que se indicarán os cursos de formación que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa con documentos acreditativos dos mesmos e das horas correspondentes.
- A certificación académica oficial dos estudos realizados noutras universidades distintas da Universidade de Vigo.

- Unha certificación asinada pola persoa directora do proxecto fin de carreira (PFC).
- A fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor
- A solicitude de compatibilidade de bolsa, no caso de alumnado que teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ou estudio do MECD para o curso 2016/2017.
- O compromiso de matrícula para o curso 2016/2017.

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir que acheguen aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

VII. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, a Área de Bolsas comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará a **listaxe de persoas admitidas e excluídas provisional**, indicando os motivos de exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, para emendar os erros e achegar a documentación requirida, advertíndoselles que, de non facelo, se lles dará por desistidos neste proceso.

Emendados os erros, a Área de Bolsas, publicará a **listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva**. Ao mesmo tempo, achegará a través de correo electrónico as solicitudes xunto coa documentación necesaria a cada Comisión de Centro encargada da selección.

A composición da Comisión de Selección en cada Centro estará formada por:

- O/A decano/a da Facultade ou o/a director/a da Escola ou persoa en quen delegue, que exercerá a presidencia.
- O/A vicedecano/a da Facultade ou o/a subdirector/a da Escola, con preferencia de o que teña as competencias en calidade, ou persoa en quen delegue.
- O/A secretario/a do Centro.

Os criterios de selección que a Comisión aplicará serán os seguintes:

1. Os coñecementos no desenvolvemento de sistemas de xestión da calidade do centro: ata un 30%
2. O coñecemento da estrutura académica e infraestruturas do centro: ata un 10%
3. O dominio no manexo de ferramentas ofimáticas (MS-office, programación, deseño de web, ...): ata un 20%
4. A formación complementaria (coñecementos de inglés, outros cursos, ...): ata un 10%

5. O expediente académico: ata un 20%
6. Outros criterios especificados polo Centro: ata un 10%

En igualdade de condicións nos criterios anteriores, terá preferencia a mellor nota media do expediente académico.

A elaboración da Resolución reitoral pola que se adxudican as bolsas desta convocatoria realizarase na Sección de Bolsas, publicando os listaxes provisionais de seleccionados en función das propostas das persoas candidatas realizadas polos centros e da orde de prioridade solicitada polo alumnado.e conterá as solicitudes concedidas por cada centro, as denegadas coa causa de denegación e a listaxe de agarda por centro ordeado de maior a menor puntuación.

Fixarase un prazo de 5 días hábiles, que contarán dende o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que as persoas candidatas presenten as alegacións que consideren oportunas ante a Presidencia da Comisión.

Unha vez resoltas as alegacións publicaranse as **listaxes definitivas** dos seleccionados que conterá as solicitudes concedidas por cada centro, as denegadas coa causa de denegación e a listaxe de agarda por centro ordeado de maior a menor puntuación.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos taboleiros da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo, na páxina web da Universidade.

A adxudicación dunha bolsa desta convocatoria, suporá o decaemento nas outras opcións presentadas na súa solicitude.

VIII. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias teñen as seguintes obrigas:

- Participar nun curso de formación sobre os sistemas de calidade que se desenvolverá posteriormente nos lugares asignados segundo cada bolsa. Este curso será impartido pola Área de Calidade. A duración do mesmo será de 4 horas e non dará dereito a diploma acreditativo.
- Colaborar nos programas relacionados coas bolsas e complementar o plan formativo do mesmo.
- Estar matriculado na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa para poder manter a súa condición de bolseiro/a.
- Achegar, dentro do mes seguinte á finalización da bolsas, unha memoria final das actividades realizadas durante o período da bolsa, no que constará o visto e prace do coordinador de calidade do centro.

IX. ACEPTACIÓN E RENUNCIA.

As persoas bolseiras propostas presentaranse ante a persoa coordinadora no centro asignado e no prazo que se indique na resolución definitiva. De non presentarse transcurrido este prazo entenderase que renuncian aos beneficios da bolsa e os seus postos serán ocupados polo/a seguinte solicitante atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e comunicada á persoa coordinadora con 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada penalizarase e impedirá o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle ao reitor a avaliación das causas alegadas.

X. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas e a permanencia nas listaxes de agarda poden ser revogadas polo seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria (punto VIII).
- A ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria (punto III).
- A emisión dun informe desfavorable do responsable do centro, por incumprimento de desenvolvemento propio do obxecto da bolsa.

A revogación suporá, de ser o caso, o reintegro das cantidades incorrectamente percibidas.

XI. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo vicerreitor/a con competencias en materia de calidade.

Calquera reclamación ou queixa farase ante o vicerreitor/a .

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. (publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social).

Os bolseiros e as bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A concesión da bolsa non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos/as interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.

Os/as bolseiros/as non adquiren ningunha relación contractual administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación dos interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.

ANEXO I

Campus de Vigo		
Centro	Nº de bolsas	Nº de horas totais por centro
E.U.DE ESTUDIOS EMPRESARIAIS	1/60h	150
FAC. DE C.C. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	3/50h	375
FAC. DE QUÍMICA	2/40h	200
FAC. DE BIOLOXÍA	2/60h	300
FAC. DE CIENCIAS DO MAR	1/50h	125
FAC. DE FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN	3/60h	450
FAC. DE CIENCIAS XURIDICAS E DO TRABALLO	2/60h	300
ESCOLA ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	4/60h	600
E. ENX. DE TELECOMUNICACIÓNS	1/60h	150
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS	2/40h	200
Campus de Ourense		
FAC. DE DEREITO	1/50h	125
FAC. DE HISTORIA	1/60h	150
FAC. DE CIENCIAS	2/60h	300
FAC. DE CC. EMPRESARIAIS E TURISMO	2/60h	300
FAC. DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	3/40h	300
ESCOLA SUPERIOR ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	1/50h	125
Campus de Pontevedra		
FAC. DE BELAS ARTES	1/60h	150
FAC. DE C.C. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE	2/60h	300
ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL	1/40h	100
FAC. DE C.C. SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN	2/50h	250
FAC. DE FISIOTERAPIA	1/40h	100

- O alumno podera seleccionar ata 5 bolsas, nos distintos centros, sendo determinante a hora da adxudicación ou orde en que figuren no impreso de solicitude.

ANEXO II

**CONVOCATORIA DE BOLSA DE COLABORACIÓN NAS ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE
NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

IMPRESO DE SOLICITUDE

APELIDOS:		NOME:	
NIF:	ENDEREZO:		
POBLACIÓN:	PROVINCIA:	COD. POSTAL:	
TLF FIXO:	TLF MÓBIL:	E-MAIL:	
MATRICULADO/A EN:			

Nota: Co gallo de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable cubrir o teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

Orde de preferencia	Facultade ou Escola de desenvolvemento da acción de mellora	Nº total de horas de dedicación	Data fin da colaboración
1ª opción			
2ª opción			
3ª opción			
4ª opción			
5ª opción			

*Nota: en caso de ser proposto por mais dunha comisión de centro, a asignación corresponderá a opción elexida nos lugares preferentes decaendo no resto das opcións.

DOCUMENTACIÓN ENTREGADA:

- 1.-Currículo relacionado co obxecto da convocatoria e declaración xurada asinada.....
- 2.-Certificación académica oficial de estudos realizados fóra da Universidade de Vigo.....
- 3.-Documentos acreditativos dos cursos de formación relacionados coa convocatoria.....
- 4.-Informe do proxecto fin de carreira (PFC) asinado pola persoa directora
- 5.-Ficha persoal de pagamentos asinada polo banco(segundo modelo anexo III).....
- 6.-Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor
- 7.-Solicitud de compatibilidade con outras bolsas concedidas **excepto** as axudas o estudio MECED para o curso 2016/2017.....
- 8.- Compromiso de matrícula para o curso 2016/2017.....

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante, manifesta que todos os datos da solicitude e os documentos achegados para a bolsa de colaboración nas accións de mellora de calidade en Facultades e Escolas da Universidade de Vigo son verdadeiros e que entende e que coñece todos os termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou a falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Vigo, de _____ de 2016

Sinatura

SRA. VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - UNIVERSIDADE DE VIGO

ANEXO III

DOMICILIACIÓN BANCARIA

DATOS PERSOAIS

NIF/NIE: (Xuntar fotocopia) _____
 APELIDOS E NOME: _____
 ENDEREZO: _____
 CÓDIGO POSTAL: _____ LOCALIDADE: _____
 PROVINCIA: _____ TLF: _____
 CORREO ELECTRÓNICO: _____
 En , _____ de _ de 201 _____
 (SINATURA)

DATOS BANCARIOS - IBAN

		ENTIDADE	OFICINA	D.C.	Nº DE CONTA (dez díxitos)															
E	S																			
(cumprimentar todos os díxitos do IBAN)																				
NOME DO BANCO:																				
ENDEREZO DO BANCO:																				
SINATURA E SELO DO BANCO:																				